



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILANOVA DE AROUSA CELEBRADA O DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2014.**

**ASISTENTES**

**Alcalde:** Gonzalo Durán Hermida

**Concelleiros/as:**

**Partido Popular (P.P):** Javier Tourís Romero; Ana María Carballa Magariños; José Luis Novo Galbán; Manuel Sineiro Cores; Benito Portas Blanco Alejandro Costa Piñeiro; José Portas Núñez; María Rosa Rodríguez Lago; Áurea Bermúdez Oubiña e Nuria Morgade Pouso.

Escusaron a súa ausencia os concelleiros José Portas Núñez e María Rosa Rodríguez Lago.

**PSdeG-PSOE:** María José Vales Martínez; José Luis Tourís Oubiña.

Escusou a súa ausencia D<sup>a</sup> María Ángeles Pérez Piñeiro.

**BNG:** María do Carme Alfonso Leiro e Juan Luis Nogueira Moure.

**Secretario Xeral:** Javier Bouzada Romero.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as 09,30 horas do día 22 de decembro de 2014, reúnense en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as integrantes do Pleno da Corporación relacionados co obxecto de celebrar sesión ordinaria do mesmo.

Na sesión tratáronse os seguintes asuntos:

**1º.- MANIFESTACIÓN SOBRE O COÑECEMENTO DA SITUACIÓN XURÍDICA DE DÚAS PARCELAS AOS EFECTOS DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DAS MESMAS POLO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE**

Dáse conta da proposta da Alcaldía e do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico.

Polo Sr. Alcalde se explica que se trata dun trámite que se solicita por parte dos Servizo do Costas do Estado para continuar co expediente de desafectación dos terreos iniciado por solicitude deste Pleno en sesión celebrada o día 12 de decembro de 2012. En concreto se solicita que o



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

Pleno manifeste coñecer a situación de inmatriculación dos terreos no Rexistro da Propiedade.

Pola voceira do BNG Maria do Carme Alfonso Leiro se manifesta que oa Ministerio debería de proceder a rexistrar os terreos xa que unha vez desafectados o custo de facelo corresponderá o concello. O alcalde lle contesta que o concello debe satisfacer uns honorarios do Rexistro máis baixo que os dun particular e que se agora se afronta este trámite o expediente quedaría paralizado, sendo así que a Lei de Patrimonio do Estado permite continua-la tramitación.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 11 votos a favor (PP e PSdeG-PSOE) e 2 abstencións (BNG), por lo que o Pleno acorda:

**Primeiro.-** Aos efectos do disposto no artigo 136.2 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio das Administracións Públicas e en relación co expediente desafectación que se está a tramitar no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio ambiente a través do Servizo Provincial de Costas, esta concello manifesta ter coñecemento da situación xurídica en que se atopan as seguintes parcelas:

- a) Unha parcela de 21.342 metros cadrados do terreo comprendido entre Punta do Castro e O Peirán que foron outorgados inicialmente en concesión a este concello mediante Orden Ministerial de 29 de xuño de 1978.
- b) Unha parcela de 2.758 metros cadrados do terreo que foron outorgados en concesión a este concello mediante Orden Ministerial de 30 de agosto de 1941 (Expediente C-475-PONT.), con destino a "Grupos Escolares e Vivendas dos Mestres).

**Segundo.-** Remitir certificación do presente acordo á Xefatura do Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

### **2º.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO ENGADINDO UNHA DENOMINADA "TRAMITACIÓN DA FACTURACIÓN ELECTRÓNICA".**

Dáse conta da proposta da Alcaldía e do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico.

Polo Sr. Alcalde se manifesta que se trata dun trámite que o concello debe adoptar para adaptarse á Lei 25/2013 que entrará en vigor o vindeiro



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

día 15 de xaneiro de 2015, engadindo que a facturación electrónica non resulta obrigatoria para as facturas cun importe menor a 5.000 euros.

A voceira do BNG Maria do Carme Alfonso Leiro manifesta que, ao seu xuízo, soamente debería excluírse desta obrigatoriedade aos autónomos e persoas físicas, pero non ás sociedades. O Sr. Alcalde manifesta que a lei non prevé a dita distinción polo que non resulta posible acceder ao solicitado.

Polo PSdeG-PSOE o seu voceiro Sr. Tourís Oubiña se pregunta á Alcaldía se as bases de execución que quedan modificadas se incorporan ao orzamento do ano 2014, contestándolle o alcalde que en efecto é así e caso de que este se prorrogue, quedarán incorporadas ao mesmo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 9 votos a favor (PP) e e 2 abstencións (PSdeG-PSOE e BNG), por lo que o Pleno acorda:

Engadir as Bases de Execución do orzamento, unha nova base 16.1., denominada "Tramitación da facturación Electrónica".

"Base 16.1: Tramitación da Facturación Electrónica

1.- Estarán obrigados a facturar electrónicamente todos os provedores que houberan entregado bens ou prestado servizos a este Concello dende o 15 de xaneiro de 2015 e en concreto, tal e como dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público:

- .- Sociedades Anónimas.
- .- Sociedades de Responsabilidade limitada.
- .- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- .- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes no territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- .- Unións temporais de empresas.



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

.- Agrupacións de interese económica, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital de risco, Fondo de inversións, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou fondo de garantía de inversións.

En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co apartado segundo do referido artigo, estarán excluídas da obriga de facturar electrónicamente a este Concello as facturas de ata un importe de 5.000,00€, impostos incluídos.

Determinase por este Concello establecer este importe, incluíndo impostos de conformidade co criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa nos seus informes 43/2008, de 28 de xullo de 2008 e 26/2008, de 2 de decembro de 2008 que dispoñen que o prezo do contrato debe entenderse como o importe íntegro que pola execución do contrato percibe o contratista, incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido.

Igualmente quedan excluídas as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en ditos servizos.

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA E OUTROS.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía e do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico.

Polo Sr. Alcalde se manifesta que se trata de aplicar o IPC, que resulta negativo, ás tarifas vixentes.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 11 votos a favor (PP e BNG) e 2 abstencións (PSdeG-PSOE), polo que o Pleno acorda:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por Entidades Locais,



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

actualizándose as cotas da súas tarifas coa variación do IPC interanual dun (-0,3 %) dende xullo de 2013 ata xullo de 2014 para aplicar no ano 2015.

### TARIFAS

#### Abonados domésticos

|  |                           |
|--|---------------------------|
| Mínimo: 15 m <sup>3</sup> /abon.mes          | 0,347604 €/m <sup>3</sup> |
| 1º bloque: de 15 a 25 m <sup>3</sup> /ab.mes | 0,425007 €/m <sup>3</sup> |
| Excesos                                      | 0,493186 €/m <sup>3</sup> |

#### Abonados comerciais

|                                     |                           |
|-------------------------------------|---------------------------|
| Mínimo: 15 m <sup>3</sup> /abon.mes | 0,425007 €/m <sup>3</sup> |
| Excesos                             | 0,493186 €/m <sup>3</sup> |

As vivendas ou locais comerciais que non teñan instalado contador, se lles facturará un mínimo de 45,35€ trimestrais, dándolles un prazo de sete días para que procedan a subsanar a deficiencia.

#### Abonados industriais

|   |                           |
|---|---------------------------|
| Mínimo: 40 m <sup>3</sup> /abon.mes           | 0,425007 €/m <sup>3</sup> |
| 1º bloque: de 40 a 100 m <sup>3</sup> /ab.mes | 0,493186 €/m <sup>3</sup> |
| Excesos                                       | 0,558070 €/m <sup>3</sup> |

As industrias que non teñan instalado contador, se lles facturará un mínimo de 73,23€ trimestrais, dándolles un prazo de sete días para que procedan a subsanar a deficiencia.

#### Obras

|                                      |                           |
|--------------------------------------|---------------------------|
| Mínimo: 100 m <sup>3</sup> /abon.mes | 0,493186 €/m <sup>3</sup> |
| Excesos                              | 0,558070 €/m <sup>3</sup> |



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

As obras que non teñan instalado contador, se lles facturará un mínimo de 207,02€ trimestrais, dándolles un prazo de sete días para que procedan a subsanar a deficiencia.

### Cota mensual

Abonados domésticos 2,480814 €/ab.mes

Restantes abonados 5,658023 €/ab.mes

### Cota por conservación de contadores e acometidas

Cota por cons.de contador 0,315 €/ab.mes

Cota por cons.de acometida 0,301 €/ab.mes

Xestión de Cobro a Impagados 4,152 €/ud.

Xestión de Cobro de recibos devoltos de banco 0,495 €/ud.

Desprecintado de contador 17,997 €/ud.

### Conexión á rede de abastecemento e

precintado de racores 19,985 €/ud.

Prezo por comprobación de contador do abonado

Con contador patrón 22,146€/ud.

As anteriores tarifas non inclúen o IVE.

### Prezos de acometidas

| <u>Ø Acometida</u> | <u>Terra (A)</u> | <u>Asfalto (B)</u> | <u>Baldosa-acera (C)</u> |  |
|--------------------|------------------|--------------------|--------------------------|--|
| ¾"                 | 174,69           | 230,91             | 277,90                   |  |
| 1"                 | 192,09           | 247,25             | 294,24                   |  |
| 1¼"-1½"            | 254,38           | 309,56             | 356,56                   |  |
| 2"                 | 302,40           | 356,56             | 404,58                   |  |

Acometidas de máis de 5 mts.      ¾"      1"      ¼"-1½"      2"

|                            |       |      |       |       |
|----------------------------|-------|------|-------|-------|
| (A) incremento Eur. por m. | 9,51  | 1,14 | 15,83 | 26,57 |
| (B) incremento Eur. por m. | 20,85 |      | 25,94 | 36,15 |



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

## Concello de Vilanova de Arousa

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

|                            |       |      |       |       |  |
|----------------------------|-------|------|-------|-------|--|
|                            |       | 2,47 |       |       |  |
| (C) incremento Eur. por m. | 25,01 | 6,57 | 29,94 | 40,15 |  |

### Prezo de instalación de contador

#### Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores o similar

- Contador

- Válvula antiretorno

- Pezas de conexión

|       |             |                     |
|-------|-------------|---------------------|
| TOTAL | 13 / 15 mm. | <u>78,47 €/ud.</u>  |
|       | 20 mm.      | <u>100,39 €/ud.</u> |

### Tarifa de contadores (sen colocación)

|       |          |
|-------|----------|
| Ø13mm | 58,49 €  |
| Ø15mm | 58,49 €  |
| Ø20mm | 80,41 €  |
| Ø25mm | 130,95 € |
| Ø30mm | 183,07 € |
| Ø40mm | 283,86 € |
| Ø50mm | 620,03 € |
| Ø65mm | 768,63 € |

Estes prezos incrementaranse no I.V.E. correspondente.

As Tarifas por alta inicial no servizo e segunda e sucesivas altas non experimentarán variación algunha, permanecendo os prezos en vigor:

|                                     |          |
|-------------------------------------|----------|
| Tarifas por alta inicial no servizo | 120,20 € |
| Por segunda e sucesivas altas       | 15,03 €  |



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

**Segundo.-** Que se expoña anuncio no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O citado anuncio publicarase no Boletín Oficial da Provincia, así como nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Rematado o período de exposición pública, o Pleno da Corporación adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza, co mesmo quórum requirido para a aprobación provisional. Caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, a modificación da Ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no BOP.

### **4º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA TAXA DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.-**

Dáse conta da proposta da Alcaldía e do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico.

Polo Sr. Alcalde se manifesta que se trata de aplicar o IPC, que resulta negativo, ás tarifas vixentes.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 11 votos a favor (PP e BNG) e 2 abstencións (PSdeG-PSOE), polo que o Pleno acorda:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros e depuración de augas residuais, cando ditos servicios ou subministros sexan prestados por Entidades Locais, actualizándose as cotas da súas tarifas coa variación do IPC interanual dende xullo de 2013 ata xullo de 2014 (-0,3%) para aplicar no ano 2015, quedando fixadas as tarifas da seguinte forma:





**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

| <b>USUARIOS</b>   | <b>COTA</b> |
|---|-------------|
| GRUPO I<br>Vivendas (por unidade), comercios menores(ata 2 empregados), oficinas, locais en galerías, locais baleiros e semellantes.  | 53,41       |
| GRUPO II<br>Consultas (médicos,avogados,etc.), academias, comercios maiores (máis de 2 empregados), perruquerías, talleres de motos e bicicletas, oficinas bancarias e semellantes.   | 106,89      |
| GRUPO III<br>Tabernas, bares, cafeterías, pubs, clubs nocturnos, restaurantes, hospedaría (ata 20 habitacións), churrasquerías, hamburgueserías, fábricas de pan, pastelerías, carnicerías, pescaderías e semellantes.  | 186,98      |
| GRUPO IV<br>Talleres de coches e barcos, tinturerías e lavanderías, imprentas, hospedaría(de máis de 20 habitacións), adegas(ata 100.000 litros de produción) e semellantes.  | 267,11      |
| GRUPO V<br>Centros médicos, clínicas, piscinas unifamiliares, cines e teatros, laboratorios, discotecas e salas de festa, bingos, adegas (de 100.000 a 500.000 litros de produción) e semellantes.  | 320,59      |
| GRUPO VI<br>Industrias cárnicas, prefabricados de formigón, fábricas de produtos de pedra, estacións de servizo-lavado e engraxe, depuradores de mariscos, cámpings, piscinas de uso público (non de explotación municipal), adegas industriais (de máis de 500.000 litros de produción) e semellantes. | 400,68      |
| GRUPO VII<br>Cocedoiros de produtos do mar, fábricas de conservas e semellantes.  | 3.088,89    |

As taxas acometida (a percibir polo Concello) non experimentarán variación algunha, permanecendo os prezos en vigor:

|   |          |
|---|----------|
| Usuarios incluídos nos Grupos I e II da tarifa      | 92,05€   |
| Usuarios incluídos nos Grupos III e IV da tarifa    | 115,05 € |
| Usuarios incluídos nos Grupos V, VI e VII da tarifa | 138,06€  |



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arosua  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

**Segundo.-** Que se expoña anuncio no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O citado anuncio publicarase no Boletín Oficial da Provincia, así como nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Rematado o período de exposición pública, o Pleno da Corporación adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza, co mesmo quórum requirido para a aprobación provisional. Caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, a modificación da Ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no BOP.

E non habendo máis asuntos de que tratar polo Sr. Alcalde se levantou a sesión sendo as 09,45 horas , do que se estende o presente acta da que como Secretario Xeral certifico e dou fe.